



Visto o escrito do 2 de febreiro de 2004, asinado polos profesores don José L. Correa Pombo e don Manuel Mucientes Molina, profesores da materia *Fundamentos e Aplicacións Informáticas*, materia do primeiro cuadrimestre, optativa común a tódalas especialidades de Enxeñería Técnica Agrícola e Enxeñería Forestal da Escola Politécnica Superior, no que expoñen que están a desenvolver, en colaboración cos profesores das materias anuais *Fundamentos Físicos da Enxeñería* e *Fundamentos Matemáticos da Enxeñería*, o Proxecto de Innovación Educativa “Aprendizaxe Autónoma e Multidisciplinar no 1º curso de E.T. Forestal empregando as novas tecnoloxías”, e que o devandito proxecto inclúe a coordinación dos contados das materias implicadas. O carácter anual das materias *Fundamentos Físicos da Enxeñería* e *Fundamentos Matemáticos da Enxeñería* fai imposible a realización destes proxectos no primeiro cuadrimestre. Para o mellor desenvolvemento do devandito proxecto consideran que os traballos poidan ser realizados no segundo cuadrimestre e avaliados por todas as materias implicadas, incluíndo *Fundamentos e Aplicacións Informáticas*.

Por todo o exposto, esta SECRETARÍA XERAL autoriza:

- a) Que a entrega de actas da materia *Fundamentos e Aplicacións Informáticas* (códigos asociados á materia 560412225, 560312222, 560212224, 5600112228 e 564012225) se retrase ata o segundo cuadrimestre.
- b) Que a apertura das actas da materia *Fundamentos e Aplicacións Informáticas*, cos códigos anteriormente citados, se realice no segundo cuadrimestre.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2004



O Secretario Xeral

Joaquín Rodríguez-Toubes Muñiz

Sr. Xefe de Servicio de Xestión Académica  
Pavillón Estudiantil  
Campus Sur